



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 523/180518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 N° CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO N° 046/GA/SA680A

PRODUTO

SISTEMAS DE ILUMINACIÓN PARA ACUICULTURA

DESCRIPCIÓN

Estudo, deseño e instalación de sistemas de iluminación específicos para instalacións de acuicultura. **Exteriores** ou **interiores**, lámpadas de **superficie** ou **somexibles**, con control de intensidade lumínica e posibilidade de automatización para réximes produtivos en **control de fotoperíodo**. Especialmente deseñadas para o seu funcionamento en condicións de humidade relativa extrema e resistentes á corrosión.

CARACTERÍSTICAS

Lámpadas HQI en rango 5.000 a 13.000 °K; 70 a 1.000 W e 2.400 a 36.000 lm. Versións en auga salgada e auga doce. Tubos fluorescentes de espectro azul para auga salgada e espectro branco para auga doce (2x30 W). Lámpadas de luz lunar de alta duración, 15 W en espectro azul e baixa intensidade lumínica. Multi LEDs somexibles, dicroicas, HID con protección IP66. Lámpadas halóxenas, incandescentes, lámpadas para gaiolas, lámpadas de luz lunar e diurna, reflectores fixos e orientables de exteriores, temporizadores, software de programación para simulación de fotoperíodo, etc.

OBSERVACIÓNS

Para o estudo das súas necesidades de iluminación, con estimación de consumos e minimización do custo, consulte coa nosa oficina comercial en ventas@acuinuga.com.

